

Exemplos de exercicios en relación cos criterios de avaliación para a inclusión dalgún deles nas probas escritas:

1. Resolve os seguintes triángulos:

a) $a=10$ cm; $b=14$ cm; $c = 9$ cm

b) $b=11$ cm; $a=3\sqrt{5}$ cm; $C = 40^\circ$

2. Resolve os seguintes triángulos

a) $a=10$ m; $b=8$ m; $c=7$ m

b) $b=5$ cm; $c=4$ cm; $A=105^\circ$

3. Resolve os seguintes triángulos

a) $a=3$ m; $B=45^\circ$; $C=60^\circ$

b) $b=5$ m; $A=C=35^\circ$

4. Raúl, acaba de remata-la carreira de topografía. No seu primeiro traballo ten que calcular a distancia entre dous peiraos situados nas beiras enfrontadas dun río. Sexa A o punto onde está o peirao da beira onde se atopa Raúl, e B outro punto nesa mesma beira. Sexa C o punto onde se atopa o peirao da outra beira.

Raúl, cos seus instrumentos, fai as seguintes medicións: $ABC=42^\circ$, $BAC = 53^\circ$. Se os dous puntos están separados entre si 50 m cacula a distancia buscada.

5. Para localizar unha emisora clandestina, dous receptores, A e B , que distan entre sí 10 km, orientan as súas antenas cara o punto onde está a emisora. Estas direccións forman con AB ángulos de 40° e 65° . ¿A qué distancia de A e B atópase a emisora?